



PLAN DE
CONTINXENCIA
SANITARIA E
EDUCATIVA
CEIP ESCULTOR ACUÑA



VERSIÓN N°1
30/09/2021



ÍNDICE DO PLAN DE CONTINXENCIA

<u>INTRODUCCIÓN E OBXECTO DO PLAN DE CONTINXENCIA SANITARIO E EDUCATIVO</u>	3
<u>ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO</u>	5
<u>ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL</u>	9
<u>MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL</u>	10
<u>MODELO EDUCATIVO A DISTANCIA</u>	13
<u>ANEXOS</u>	19

INTRODUCCIÓN E OBXECTO DO PLAN DE CONTINXENCIA SANITARIO E EDUCATIVO

Este documento, segundo regula no seu apartado 10.5 o Plan de Adaptación ao escenario COVID19 que regula o inicio do curso escolar 2021-2022 publicado polas Consellerías de Educación e Sanidade, ten por obxecto planificar dúas cuestións básicas para afrontar os retos derivados da pandemia producida pola COVID19 nos centros educativos:

1. Determinar as accións diante da suposta aparición dun abrocho da COVID19 e establecer as posibles fases de reactivación para a volta á normalidade
2. Planificar o modelo de educación a distancia ou semipresencial no caso do cese da actividade presencial no noso centro educativo ata a súa volta a normalidade.

Para determinar con precisión todos os aspectos recollidos no Protocolo seguiremos os distintos epígrafes recollidos no Anexo III do citado documento.

O presente Plan de Continxencia, ao mesmo tempo, estará en consonancia normativa na regulación de atención educativa a distancia coa Resolución de 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVI-19.

Este Plan de Continxencia Sanitaria e Educativa, que agora expoñemos, complementase co noso Plan de Adaptación ao COVID19 que regula a organización e as actuacións para a mellor adaptación ao inicio do curso 2021-2022 e está dividido en dous grandes apartados:

1. Plan de Continxencia Sanitaria
2. Plan de Atención Educativa a distancia

PLAN DE CONTINXENCIA SANITARIA



PRIMEIRO APARTADO:

ACTUACIÓN PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

Relátanse, neste epígrafe, os distintos supostos regulados no apartado 7 (Xestión dos gromos) e 8 (Escenario no suposto dos gromos) do Protocolo das Consellerías de Educación e Sanidade e os procedementos de actuación conseguintes.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

PROCEDEMENTO:

Antes do inicio da xornada escolar os docentes e outros profesionais realizarán una autoavaliación na súa casa seguindo a enquisa clínico- epidemiolóxica que se describe no Anexo I do Protocolo. No caso do alumnado serán os pais/nais ou tutores legais os responsables da súa realización. Ao longo dos primeiros días do curso as familias remitirán una declaración responsable de que os seus fillas e fillas non acudirán ao centro educativo se presentan síntomas compatibles cunha infección por SARCOV2.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso exclusivo para alumnado con síntomas (Aula COVID), colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

PROCEDEMENTO NO CASO DE ALUMNADO

- Detección dun posible caso de sintomatoloxía por COVID19
- Aviso aos compoñentes do equipo COVID do centro
- Seguimento da sintomatoloxía (febre, respiración, etc.) en períodos curtos
- Illamento, con vixilancia, do suposto caso na aula COVID da planta baixa
- Colocación dunha máscara de todas as persoas do procedemento
- Contactar coa familia para a recollida do alumno/a á maior brevidade

3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

PROCEDEMENTO EN CASO DE PERSOAL DO CENTRO

- Detección dun posible caso de sintomatoloxía por COVID19
- Aviso aos compoñentes do equipo COVID do centro
- Abandonar o posto de traballo e contactar co seu centro de saúde o atención médica no caso dun profesional docente ou non docente.

O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade (EduCOVID) para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a Xefatura de Sanidade. Tamén se dará aviso á Xefatura Territorial de Educación e á Inspección Educativa.

PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN:

- A persoa coordinadora (director ou xefa de estudos) contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade, de Educación e Inspección Educativa para comunicar o suposto caso.
- Xefatura Territorial de Pontevedra
Ángeles Feijoo-Montenegro Fernández -Xefa territorial-
- Edificio administrativo da Xunta de Galicia
Fernández Ladreda, 43-1º andar-36003 Pontevedra-
Tel: 986885860-986 88 51 85-986 88 58 09; Fax: 986885802
Correo-e: xefatura.territorial.pontevedra@sergas.es
- Departamento Territorial de Pontevedra
- Xefatura Territorial
- Teléfono: 986 80 59 60 Fax 986 80 59 37
- Correo electrónico: xefatura.territorial.pontevedra@edu.xunta.gal

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirán ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

PROCEDEMENTO:

- A familia contactará co seu pediatra ou centro médico e informará, posteriormente, ao coordinador do equipo COVID (director ou xefa de estudos) da situación derivada.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

PROCEDEMENTO:

- O centro estará en permanente contacto coa Xefatura Territorial de Sanidade cumprindo os protocolos solicitados.
- A aplicación informática (EDUCOVID) será a canle para levar a xestión e control dos casos detectados.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará encada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

PROCEDEMENTO:

- O centro estará en permanente contacto coa Xefatura Territorial de Sanidade cumprindo os protocolos solicitados.
- O equipo COVID comunicará á comunidade educativa as medidas a adoptar a través do espazo web e a ferramenta Abalarmobil.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

PROCEDEMENTO:

- O centro estará en permanente contacto coa Xefatura Territorial de Sanidade cumprindo os protocolos solicitados.
- De confirmarse un peche parcial ou total a comunidade educativa será informada por distintos medios, preferentemente, pola aplicación Abalamobil.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período determinado dende as autoridades sanitarias. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula.

As persoas confirmadas como casos positivos por COVID19 terán obriga de illamento por 10 días. Os contactos estreitos determinados permanecerán en corentena ata unha PCR negativo solicitada despois de 10 días do último día de contacto ou 14 días sen PCR e sen síntomas compatibles por SARCOV2.

PROCEDEMENTO:

- O centro estará en permanente contacto coa Xefatura Territorial de Sanidade cumprindo os protocolos solicitados.
- O tempo de corentena poderá variar segundo a evolución da pandemia

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

PROCEDEMENTO:

- O centro estará en permanente contacto coa Xefatura Territorial de Sanidade cumprindo os protocolos solicitados.
- O equipo docente activará o Plan Educativo de Educación a Distancia co obxecto de seguir o proceso educativo do alumnado.
- O equipo docente seguirá traballando no centro de non existir variacións no nivel de riscos determinado pola Consellería de Sanidade
- Os posibles casos de profesionais vulnerables (equipo docente e persoal non docente) serán tramitados, segundo recolle o Protocolo, a través da Inspección Médica da Xefatura Territorial de Pontevedra.

SEGUNDO APARTADO

ACTUACIÓN PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NONPRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

PROCEDEMENTO:

- O equipo docente, a excepción dos supostos casos de persoal sensible á situación detectada, supervisará os procesos de ensino a distancia.
- Activarase o Plan de Continxencia no seu apartado de Ensino a Distancia

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para estudar unha posible solución..

PROCEDEMENTO:

- O equipo COVID establecerá as pautas concretas para determinar ao alumnado con dificultades para seguir o ensino a distancia. As titorías, especialistas e o departamento de orientación traballarán coordinadamente para detectar as posibles necesidades. No inicio do curso será remitido ás familias un cuestionario de medios telemáticos e recursos de rede no fogar.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

PROCEDEMENTO:

- O centro estará en permanente contacto coa Xefatura Territorial de Educación para actuar en consecuencia.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

PROCEDEMENTO:

- Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

- Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no procesode ensino-aprendizaxe.
- Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- Revisar o protocolo para implementar as actuacións precisas, extremar as medidas máis eficaces e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases de reactivación do ensino presencial.

TERCEIRO APARTADO

MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Neste apartado recóllense as accións e medidas do apartado 8 do Protocolo cuxo obxectivo e establecer as pautas de actuación para a reactivación do ensino presencial tras un posible confinamento.

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polasconsellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: (por determinar) Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipoCOVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 33 % en grupos de máisde 20 alumnos e do 50% en grupos de menos de 20 alumnos

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización demáscara e de hixiene de mans.
- Combinar o ensino presencial e a distancia.
- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.
- Avaliación desa etapa.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: (3 xornadas lectivas)

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 100% en grupos de menos de 20 alumnos

Obxectivos:

- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual,

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: (2 xornadas lectivas)

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos:


- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases
- Comprobar o grao de adquisición do traballado.
- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.

Nota: para a selección do alumnado que puidera incorporarse de xeito gradual seguiranse criterios epidemiolóxicos dende Sanidade e criterios educativos dende o Consello Escolar.

PLAN DE CONTINXENCIA EDUCATIVA A DISTANCIA



Neste apartado concretamos o modelo educativo a desenvolver, de xeito xeral, no caso de producirse no CEIP Escultor Acuña a suspensión presencial educativo dun alumno, dunha aula, grupos de aula ou en todo o centro derivado dun cadro confirmado de COVID19. O cadro seguinte sintetiza a estratexia de actuación para o cambio progresivo do modelo presencial ao modelo educativo a distancia:



Analizamos, a continuación cada fase do Plan de Educación a distancia

Fase 1

- Deseño do Plan xeral de formación en TAC na primeira quincena de setembro
- Estudio de medios e recursos das familias

DESEÑO DO PLAN XERAL DE FORMACIÓN EN TAC NA SEGUNDA QUINCENA DE SETEMBRO

ACTIVIDADE 1

Os equipos docentes de ciclo e nivel, conxuntamente co equipo BiblioTAC determinarán a secuencia de aprendizaxes TAC curriculares do alumnado necesarios para seguir con éxito a educación a distancia. Os bloques curriculares da competencia TAC serán os seguintes:

- Competencia no manexo básico das ferramentas TAC
- Competencia na xestión da edición básica de textos , imaxes e vídeos
- Competencia na xestión da navegación na rede na busca de información
- Competencia no manexo da aula virtual do centro e das ferramentas de envío de información e traballo (email, Google Site)

Neste curso a aula de informática non estará dispoñible polo que a secuencia de aprendizaxes realizarase nas aulas de cada grupo cos medios TAC fixos e portátiles

ACTIVIDADE 2

Estudio de medios e recursos informáticos das familias a través dun cuestionario en Google Docs ou en documento impreso e de chamadas telefónicas para avaliar as necesidades reais co obxecto de deseñar a estratexia de solicitudes por carencia de medios telemáticos das familias.

ACTIVIDADE 3

Realización de vídeos sobre utilización de aulas virtuais e educación a distancia para a súa publicación no espazo web adaptados ás diversas capacidades do alumnado.

Fase 2

- Implementación do Plan TAC no mes de outubro co alumnado
- Apertura dos cursos na Aula Virtual do centro
- Combinación do modelo presencial co modelo a distancia

IMPLEMENTACIÓN DO PLAN XERAL DE FORMACIÓN EN TAC NO MES DE OUTUBRO

ACTIVIDADE 1

Os equipos docentes, seguindo o Plan TAC elaborado, promoverán no alumnado as aprendizaxes esenciais TAC na rutina diaria de aula.

ACTIVIDADE 2

Os equipos docentes, durante o ensino presencial, promoverán a vía da aula virtual para a realización e presentación das tarefas extraescolares (deberes) e a súa corrección posterior na aula a través do mesmo medio.

Fase 3

- Implementación do modelo a distancia
- Seguimento, avaliación do Plan de Educación a distancia
- Comunicación coas familias

ACTIVIDADE 1

De xurdir un abrocho epidemiolóxico e a conseguinte corentena activarase, nos grupos correspondentes, o ensino a distancia tendo de soporte a nosa Aula Virtual e a Plataforma Google WorkSpace.. No Anexo III figuran os datos básicos de actuación desta fase do modelo educativo.

ACTIVIDADE 2

En consonancia co apartado anterior realizarase un seguimento do Plan de Educación a Distancia que fixará a súa atención avaliativa nos seguintes criterios:

- Adecuación do Plan aos distintos niveis educativos
- Valoración do modelo didáctico das programacións didácticas semanais
- Participación de alumnado e familias nas actividades propostas
- Dificultades de medios e conectividade das familias

ACTIVIDADE 3

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula.

Na Educación Infantil, no primeiro e segundo cursos de Educación Primaria no que non se usen autonomamente aulas virtuais, ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica.

ACTIVIDADE 4

Tanto no ensino semipresencial como no ensino a distancia manteremos a relación coas familias a través das seguintes canles:

- Comunicación telefónica habitual
- Comunicación titorial a través da Plataforma Cisco Webex
- Comunicación pola Plataforma Abalar Móbil
- Comunicación pola Plataforma TokappSchool
- Comunicación por correo electrónico a través do dominio "Escultorvigo" de Google Workspace
- Comunicación a través da Aula Virtual e espazo Web do centro

Fase 4

- Plan de Horarios de Educación a Distancia

Conforme a Resolución de 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19, as medidas a realizar para activar a organización e funcionamento da educación a distancia son as seguintes:

- As persoas titoras comunicarán ás familias a metodoloxía de traballo didáctico, a organización da sesión, os sistemas de avaliación e traballo de apoio familiar e a forma de seguimento da conectividade e presenza do alumnado.
- As titorías organizarán as distintas sesións por sistema de videoconferencia, sendo a aplicación Webex a seleccionada como prioritaria. A conexión será establecida con dez(10) minutos de anterioridade, como norma xeral, para supervisar o alumnado conectado.
- O orientador coordinará a atención do alumnado con NEAE e as metodoloxías máis exitosas de aprendizaxe virtual.
- Cada semana, o equipo docente entregará un rexistro das actividades realizadas co alumnado, o seguimento da asistencia e os problemas de conectividade existentes.
- A CCP cada semana realizará unha valoración xeral da implementación do modelo educativo a distancia para modificar ou actualizar os procedementos de tempo de conexión, duración das sesións, supervisión do seguimento, metodoloxía, etc.
- As normas de convivencia e de conduta serán as reflectidas, con carácter xeral, no Plan de Convivencia e nas Normas de Organización e Funcionamento de Centro (NOFC). O equipo directivo velará polo seu cumprimento e a súa adaptación, de ser necesaria.

No Anexo deste plan pódese comprobar o horario de cada grupo educativo na modalidade a distancia.



ANEXO I

ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde e informe ao centro educativo.

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<i>CONVIVIU</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

ANEXO II

LISTADO DE MEDIDAS BÁSICAS DE PROTECCIÓN

- Distancia mínima de 1,5 metros de distancia salvo en EI
- Máscara obrigatoria dende os 6 anos e flexibilizando seu uso en EI e ACNEAE. O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira no respectar a distancia de seguridade.
- O alumnado deberá dispor de dúas máscaras diarias e unha bolsa para gardalas co seu nome.
- Distribuír lavados de mans cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.
- Disponibilidade de papeleiras con tapa, dispensadores de xel hidroalcohólico e de papel de secado para alumnado e persoal.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Os aseos limpanse 2 veces ao día segundo o Plan de Limpeza do centro.
- O uso dos aseos estará limitado a un terzo do seu aforo nos aseos de Primaria e 1 nos de EI. Haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos.
- Ventilación mínima. Ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases. Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) limparse a mesa e espazos comúns e ventilarase a aula ou sala polos menos 15 minutos logo de cada sesión.
- Haberá un rexistro diario de limpeza de aseos e desinfección polo persoal de limpeza.

ANEXO III

PLAN DE EDUCACIÓN A DISTANCIA

De xurdir un abrocho epidemiolóxico e a conseguinte corentena activarase, nos grupos correspondentes, o ensino a distancia tendo de soporte a aula virtual e a plataforma Google Workspace.



NOME DO CENTRO : CEIP ESCULTOR ACUÑA

CÓDIGO DO CENTRO : 36017697

LOCALIDADE: VIGO

No noso centro e despois de consensuar distintas posibilidades, estas son as medidas de atención ás familias, tanto asistenciais coma pedagóxicas, en función das dispoñibilidades técnicas e dixitais:

- Comunicación persoal da persoa titora ou especialista coas familias, en xeral, e con familias que teñan alumnado con necesidades de apoio educativo para individualizar a proposta de aprendizaxe, na medida do posible, baixo a supervisión do departamento de orientación e dos especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxes.. Para levar a cabo esta medida, utilizaranse a vía telefónica e as ferramentas de Abalarmobil (mensaxería) ou correo electrónico corporativo.
- Desenvolvemento da Aula Virtual na que cada día preséntase unha serie de tarefas e actividades, para cada nivel educativo, seguindo unha orde similar ao horario educativo presencial. As actividades combinanse con retos matemáticos e lingüísticos para darlle un sentido lúdico ás aprendizaxes.
- As persoas titoras, conxuntamente coas persoas especialistas, planificarán previamente as tarefas a presentar, cada semana, equilibrando a dificultade de novas aprendizaxes con tarefas de reforzo de aprendizaxes xa adquiridas.

- A maiores, o equipo docente seguirá utilizando outras canles non corporativas (Blogues, Redes Sociais para familias, etcétera) xa en marcha dende o inicio de curso
- Creación dun espazo propio para as familias xordas que utilizan a lingua de signos atendidas polos especialistas de audición e linguaxe e das intérpretes de lingua de signos española.

1. SISTEMA DE COMUNICACIÓN CO ALUMNADO E AS FAMILIAS ESTABLECIDO POLO CENTRO.

- Comunicación telefónica coas familias
- Aula Virtual:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescultoracunha/aulavirtual2/>
- Páxina web:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescultoracunha/>
- Galería Fotográfica
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescultoracunha/galeria/>
- Espazo Alumnado Xordo
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescultoracunha/taxonomy/term/107>
- Mensaxería Abalar
- Blogues de centro e de aula :
<https://escultoresdelinguas.gal/>
<http://enredosdeescola.blogspot.com/>

2. PROPOSTAS DE ACTIVIDADES ELABORADAS PARA QUE O ALUMNADO CONTINUÉ CO SEU PROCESO EDUCATIVO NOS SEUS DOMICILIOS

• Educación Infantil

- o O equipo docente de educación infantil planificará a súa intervención coa proposta de tarefas ao alumnado e as familias no seu espazo da Aula Virtual (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescultoracunha/aulavirtual2/course/view.php?id=23>) na que combinan tarefas con rutinas diarias e recomendacións, con visitas e espazos educativos dixitais das distintas áreas de desenvolvemento nesta etapa.

• Educación primaria:

Establecerase o modelo de horarios espello axustados á Resolución vixente cunha redución do 40 por cento e sempre coa filosofía pedagóxica de impulsar as competencias clave

- o Competencia lingüística: nos distintos niveis educativos e nas distintas linguas seguiremos a base da nosa programación didáctica, priorizando que os ámbitos a traballar mediante diversas actividades, tarefas e propostas serán as seguintes:
 - Actividades de comprensión lectora: contos en formato PDF de distinta dificultade no vocabulario, textos en distintos formatos textuais (novas, diálogos, textos científicos)
 - Actividades de expresión escrita (manuscrita ou dixital) con propostas creativas sobre temas actuais ou sobre temas curriculares, xogos lingüísticos, etc
 - Actividades de comprensión oral: audición de contos, vídeos, etcétera.
 - Actividades de expresión oral: a través de vídeos gravados e clases virtuais online.
- o Competencia matemática: As actividades estarán enfocadas a manter hábitos de cálculo mental por unha banda e de resolución de problemas lóxicos, por outra. Haberá unha combinación de propostas de editoriais, tarefas preparadas polos equipos docentes e de contidos educativos multimedia. Atenderán aos distintos bloques de contidos do decreto de primaria (números, etc...)

- Propostas de tarefas con numeración, operacións lóxicas básicas, números e medidas, etc
 - Propostas de problemas variados con desafíos de tipo indutivo e dedutivo
- Competencia en ciencias e tecnoloxía: Seguiremos avanzando na programación didáctica de cada nivel e presentando ao alumnado tarefas e actividades con soporte gráfico para ler, completar, analizar a información de cada unidade didáctica. Así mesmo, se invitará a realizar pequenos traballos de investigación sobre distintos temas con soporte dixital ou fotográfico: coronavirus, medioambiente, poboación, riscos da saúde, etcétera
- Competencia en conciencia e expresión cultural: Aproveitando este momento proporemos tarefas para a familia relacionadas coas situación actual e posibles solucións de cara o futuro:
- Gravacións de vídeo e audio
 - Cartas a... (autoridades)
 - Cancións
 - Propostas para cambiar o mundo, o cole...

Deixamos aquí unha mostra da nosa proposta na web , na aula virtual e nos blogues de aula e de centro

CEIP ESCULTOR ACUÑA
Vivanda para aprender

Rúa Estrada, 10. 36209 - Vigo, Pontevedra
886 12 01 15
ceip.escultor.acuña@edu.xunta.es

Mais de 25 anos integrando alumnado con con discapacidade auditiva

XADWEB CORREO EDUXUNTA GOOGLE AULA VIRTUAL GALERÍA BLOGUES DO NOSO CENTRO EDUXUNTA

Cuento del Coronavirus para peques de María Coco Hernando
Lun, 23/03/2020 - 15:45 — admin

Iniciar sesión: Acceso

AULA VIRTUAL








AULA virtual
Acceso Aula Virtual

CORONATIME

CORONA time

4º DE INFANTIL



-  Actividades variadas para traballar na casa como na escola
-  Recomendacións para traballar en casa
-  Actividades para desenvolver a Psicomotricidade
-  Aprendo con música
-  Juegos para Infantil de Medusa
-  Actividades Infantil CYL
-  Actividades Educativas EducaRex

Luns 23 de marzo



-  Tarefas para a semana do 23 ao 27 de marzo
-  A primavera
-  Repaso matemáticas
-  Mandala para colorear
-  Mais mandalas
-  Tarefas de frances
-  Xogamos ao Bingo?
-  Cartóns para o Bingo
-  Acrosport en familia



23
Mar
2020

Quero ler!

An illustration of a person with dark hair reading a book. A magnifying glass is held over the book, highlighting a small yellow cat illustration. The scene is lit by a yellow lamp above.

PUBLICADO POR Admin Ninguno

PUBLICADO EN CORONATIME

Erasmus+ CEIP Escultor Acuña

Opening doors, connecting minds - Abrindo portas, conectando mentes

INVESTIGANDO NA REDE




Preme na imaxe para comenzar

RETO : 23/3/2020

¿SERÍAS QUEN DE CONTESTAR A ESTE CUESTIONARIO?

Para facelo terás que buscar as respostas nas direccións que se suxiren, ver os vídeos propostos ou empregar a sabiduría de Mr. Google para solucionarlas.

Cando o envíes acadarás unha puntuación que iremos xuntando reto a reto e verase reflectida nunha gráfica que comentaremos cando voltemos ao colexio.



ANEXO IV

PLAN DE EDUCACIÓN A DISTANCIA
NO CASO DE ILLAMENTO DUN GRUPO EDUCATIVO



CEIP. ESCULTOR ACUÑA

www.edu.xunta.es/centros/ceipescultoracunha

E-mail: ceip.escultor.acunha@edu.xunta.es

Rúa Estrada 10 36209-Vigo(Pontevedra) Tfno/Fax: 886120115

PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19

C.E.I.P. ESCULTOR ACUÑA

CURSO 2021/2022

Setembro 2021

ÍNDICE		
APARTADO		PÁXINA
1	NORMATIVA DE REFERENCIA	3
2	CONSIDERACIONES PREVIAS A ESTE PLAN	4
3	ORGANIZACIÓN DOS HORARIOS ESPELLO	9

1. NORMATIVA DE REFERENCIA

Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022".

Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 (Anexo I)

2. CONSIDERACIÓN PREVIAS A ESTE PLAN

A crise sanitaria da covid-19 sitúa ao conxunto da comunidade educativa ante un inédito marco de actuación, con diferentes escenarios aos que cómpre darlle solución desde as administracións públicas co obxectivo de blindar os valores que caracterizan o noso sistema educativo, a calidade e a equidade.

Coa finalidade de ofrecer un marco estable a alumnado, profesorado e familias no caso de corentenas ou confinamentos, a Xunta de Galicia impulsa o Plan de ensino virtual ante a covid-19, unha folla de ruta elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos que permitirá continuar co proceso formativo do alumnado ante estas ou outras eventualidades derivadas da actual crise sanitaria.

Neste sentido, o protocolo establece o ensino virtual como recurso en caso de corentena ou confinamento total. O noso centro, no correspondente Plan de Continxencia, recolle as medidas precisas para desenvolver o ensino a distancia. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario, que tamén realizará o seguimento do alumnado

O obxectivo deste plan é proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:

- > a interacción entre alumnado e profesor
- > a realización de tarefas
- > a avaliación do progreso

Este plan vai dirixido ó alumnado de 3º de Primaria en diante e no noso caso será inspirador para o resto dos niveis do noso centro.

Tarefas previas desenvolvidas ou en proceso de desenvolvemento no CEIP Escultor Acuña son:

- Formación tecnolóxica e en aulas virtuais do alumnado e profesorado
- Avaliación e implementación de recursos tecnolóxicos para profesorado e alumnado
- Coordinación entre o profesorado para que os avances propostos sexan conxuntos e sólidos
- Información ás familias e habilitación de canais dixitais de comunicación coas mesmas

SUPOSTO DE ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA

Pasos:

1. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles:

- Plataforma de videoconferencia institucional que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios.
- Aula virtual: espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas.
- Correo electrónico de centro: o alumnado disporá dunha conta de correo electrónico pertencente a un dominio adquirido polo colexio que empregará a nivel interno, non podendo establecer comunicación con outros dominios.

2. O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo. A través das videoconferencias establecerase o control de asistencia. Será o profesor/a encargado de cada clase quen propondrá as conexións.

3. As tarefas para o alumnado semellaranse ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

4. A administración garantirá o dereito a educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.

4.1 O mesmo día do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro.

4.2 Unha vez atendidas as necesidades iniciais, as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir. A inspección trasladará á Amtega estas necesidades para a súa cobertura inmediata:

- Os equipamentos entregaranse ao centro educativo, que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.
- O material será repartido coa maior celeridade e organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias para abordar o funcionamento da aula virtual.
- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais.

HORARIOS ESPELLO POR CURSOS

O alumnado que recibe apoio por parte dos integrantes do Departamento de Orientación realizarán asistencia telemática (videoconferencias, chamadas, atención mensaxería instantánea, correos...) respectando o seu horario de clase e sempre no momento que estea indicado o traballo individual. Deste xeito respectaremos as videoconferencias grupais para non ver alterada a súa pertenza ó grupo-clase. Dependendo do número de sesións semanais de apoio con cada alumno e das características do mesmo concretarán a súa intervención de asistencia telemática.

Distinguimos nestes horarios dous momento diferentes:

60% atención telemática por materias: videoconferencias gran grupo/pequeno grupo/individuais (dependendo do momento e das distintas conexións), mensaxería instantánea, foros de consulta, correos electrónicos, chamadas telefónicas.

40% traballo individual onde se poderá facer intervencións individuais de ser necesario

En todos os horarios contéplase tempo de titorías coas familias e co alumnado. Garantiremos antes da posta en marcha deste horario que todo o profesorado dispón de medios para conectarse de modo telemático, para o que os equipos do centro e as wifis do mesmo estarán dispoñibles para os profesionais que así o soliciten.

Dicir tamén que non será doado implantar estes horarios porque somos sabedores das distintas situacións familiares do noso alumnado, así que sabemos que non chegaremos deste xeito a totalidade do noso alumnado, aumentando así a fenda dixital. Varios son os motivos que coñecemos pola experiencia do curso pasado, citamos a continuación algúns deles:

- nas casas onde cohabitan irmáns non sempre dispoñen de dous dispositivos para facer sendas videoconferencias
- cando algún dos pais teletraballa prioriza o uso do dispositivo familiar, adaptando os horarios do alumno/a dentro da familia
- moitas veces nas casas a wifi vai asociada a un proxenitor, se este non se atopa na casa non dispoñerán de liña para traballar
- necesaria presenza dun adulto en moitos casos cos seguintes problemas de conciliación:
 - as videoconferencias moitas veces fanse dende un teléfono móbil
 - nas casas hai moitas veces equipos obsoletos sen cámaras
 - falta de autonomía do alumnado para resolver atrancos tecnolóxicos

Este horario poderá sufrir alteracións se as condicións de conexións non son as que esperamos e os tempos das distintas atencións non son suficientes para que o proceso funcione correctamente que con garantías de éxito.

3. ORGANIZACIÓN DOS HORARIOS ESPELLO

A continuación realizamos a nosa proposta para organizar os horarios do alumnado dende 3º a 6º de Primaria:



HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL 3º DE PRIMARIA - GRUPOS A/ B - CURSO 2021 - 2022

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 a 09:15	<i>Hixiene de inicio do día e preparación de material</i>				
09:15 a 10:00	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES</i>
10:00 a 10:45	<i>LENGUA CASTELLANA (Aula virtual-foros)</i>	<i>LINGUA GALEGA (Aula virtual-foros)</i>	<i>CIENCIAS SOCIAIS (Aula virtual-foros)</i>	<i>MATEMÁTICAS (Aula virtual-foros)</i>	<i>MATEMÁTICAS (Aula virtual-foros)</i>
10:45 a 11:30	<i>MATEMÁTICAS (Horario videoconexión posible)</i>	<i>LINGUA EXTRANXEIRA (Horario videoconexión posible)</i>	<i>CIENCIAS NATURAIS (Horario videoconexión posible)</i>	<i>LENGUA CASTELLANA (Horario videoconexión posible)</i>	<i>LINGUA GALEGA (Horario videoconexión posible)</i>
11:30 a 12:00	<i>DESCANSO E MERENDA. Hixiene</i>				
12:00 a 13:00	<i>EDUCACIÓN FÍSICA (Aula virtual-foros)</i>	<i>VALORES/RELIXIÓN (Aula virtual-foros)</i>	<i>PLÁSTICA (Aula virtual-foros)</i>	<i>MÚSICA (Aula virtual-foros)</i>	<i>LINGUA EXTRANXEIRA (Aula virtual-foros)</i>
13:00 a 13:45	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>
13:45 a 14:00	<i>Finalización da xornada lectiva, recollida de material e hixiene final</i>				

HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL 4º DE PRIMARIA – GRUPOS A/ B/ C - CURSO 2021 – 2022

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 a 09:15	<i>Hixiene de inicio do día e preparación de material</i>				
09:15 a 10:00	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES</i>
10:00 a 10:45	<i>MATEMÁTICAS</i> (Horario videoconexión posible)	<i>CIENCIAS NATURAIS</i> (Horario videoconexión posible)	<i>CIENCIAS SOCIAIS</i> (Aula virtual-foros)	<i>LENGUA CASTELLANA</i> (Horario videoconexión posible)	<i>LINGUA GALEGA</i> (Horario videoconexión posible)
10:45 a 11:30	<i>LENGUA CASTELLANA</i> (Aula virtual-foros)	<i>LINGUA GALEGA</i> (Aula virtual-foros)	<i>MATEMÁTICAS</i> (Aula virtual-foros)	<i>LINGUA EXTRANXEIRA</i> (Aula virtual-foros)	<i>MATEMÁTICAS</i> (Aula virtual-foros)
11:30 a 12:00	<i>DESCANSO E MERENDA. Hixiene</i>				
12:00 a 13:00	<i>EDUCACIÓN FÍSICA</i> (Aula virtual-foros)	<i>LINGUA EXTRANXEIRA</i> (Horario videoconexión posible)	<i>PLÁSTICA</i> (Aula virtual-foros)	<i>MÚSICA</i> (Aula virtual-foros)	<i>VALORES/RELIXIÓN</i> (Aula virtual-foros)
13:00 a 13:45	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>
13:45 a 14:00	<i>Finalización da xornada lectiva, recollida de material e hixiene final</i>				

HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL 5º DE PRIMARIA - GRUPOS A/ B - CURSO 2021 - 2022

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 a 09:15	<i>Hixiene de inicio do día e preparación de material</i>				
09:15 a 10:00	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES</i>
10:00 a 10:45	<i>LENGUA CASTELLANA (Aula virtual-foros)</i>	<i>LINGUA GALEGA (Aula virtual-foros)</i>	<i>CIENCIAS SOCIAIS (Aula virtual-foros)</i>	<i>LINGUA EXTRANXEIRA (Horario videoconexión posible)</i>	<i>MATEMÁTICAS (Aula virtual-foros)</i>
10:45 a 11:30	<i>MATEMÁTICAS (Horario videoconexión posible)</i>	<i>CIENCIAS NATURAIIS (Horario videoconexión posible)</i>	<i>MATEMÁTICAS (Aula virtual-foros)</i>	<i>LENGUA CASTELLANA (Horario videoconexión posible)</i>	<i>LINGUA GALEGA (Horario videoconexión posible)</i>
11:30 a 12:00	DESCANSO E MERENDA. <i>Hixiene</i>				
12:00 a 13:00	<i>LINGUA EXTRANXEIRA (Aula virtual-foros)</i>	<i>EDUCACIÓN FÍSICA (Aula virtual-foros)</i>	<i>VALORES/RELIXIÓN (Aula virtual-foros)</i>	<i>PLÁSTICA (Aula virtual-foros)</i>	<i>MÚSICA (Aula virtual-foros)</i>
13:00 a 13:45	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>
13:45 a 14:00	<i>Finalización da xornada lectiva, recollida de material e hixiene final</i>				

HORARIO ENSINO NON PRESENCIAL 6º DE PRIMARIA – GRUPOS A/ B - CURSO 2021 – 2022

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 a 09:15	<i>Hixiene de inicio do día e preparación de material</i>				
09:15 a 10:00	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ TITORÍA</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES</i>
10:00 a 10:45	<i>MATEMÁTICAS</i> (Horario videoconexión posible)	<i>CIENCIAS NATURAIS</i> (Horario videoconexión posible)	<i>CIENCIAS SOCIAIS</i> (Aula virtual-foros)	<i>LENGUA CASTELLANA</i> (Horario videoconexión posible)	<i>LINGUA GALEGA</i> (Horario videoconexión posible)
10:45 a 11:30	<i>LENGUA CASTELLANA</i> (Aula virtual-foros)	<i>LINGUA GALEGA</i> (Aula virtual-foros)	<i>MATEMÁTICAS</i> (Aula virtual-foros)	<i>LINGUA EXTRANXEIRA</i> (Aula virtual-foros)	<i>MATEMÁTICAS</i> (Aula virtual-foros)
11:30 a 12:00	DESCANSO E MERENDA. <i>Hixiene</i>				
12:00 a 13:00	<i>LINGUA EXTRANXEIRA</i> (Horario videoconexión posible)	<i>EDUCACIÓN FÍSICA</i> (Aula virtual-foros)	<i>VALORES/RELIXIÓN</i> (Aula virtual-foros)	<i>PLÁSTICA</i> (Aula virtual-foros)	<i>MÚSICA</i> (Aula virtual-foros)
13:00 a 13:45	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>	<i>HORARIO DE ESTUDO E ACTIVIDADES/ HORA DE LER</i>
13:45 a 14:00	<i>Finalización da xornada lectiva, recollida de material e hixiene final</i>				